

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

- 1** A fin do Imperio romano produciuse no ano...
  - a. 711.
  - b. 467.
  - c. 476.
- 2** Os musulmáns derrotaron os visigodos na batalla de...
  - a. Guadalete.
  - b. Las Navas de Tolosa.
  - c. Xibraltar.
- 3** O califa era a máxima autoridade...
  - a. política dos musulmáns.
  - b. política e relixiosa dos musulmáns.
  - c. relixiosa dos musulmáns.
- 4** Un dos principios do islam é...
  - a. orar catro veces ao día.
  - b. peregrinar a Xerusalén polo menos unha vez na vida.
  - c. recoñecer a Alá como único deus e a Mahoma como o seu profeta.
- 5** O último territorio musulmán na Península foi...
  - a. a taifa de Zaragoza.
  - b. o reino nazarí.
  - c. o califato de Córdoba.
- 6** A Reconquista rematou en...
  - a. 1592.
  - b. 1212.
  - c. 1492.
- 7** No século xv, os cristiáns uníronse e formaron catro grandes reinos...
  - a. Asturias, Castela, Valencia e o condado de Aragón.
  - b. Portugal, Navarra, a Coroa de Castela e a Coroa de Valencia.
  - c. Portugal, Navarra, a Coroa de Castela e a Coroa de Aragón.
- 8** A sociedade dos reinos cristiáns estaba dividida en...
  - a. gremios.
  - b. clases.
  - c. estamentos.
- 9** Os grandes territorios reconquistados, cedidos polos reis a nobres e mosteiros, constituían...
  - a. os burgos.
  - b. os señoríos.
  - c. os predios.
- 10** Os edificios románicos...
  - a. tiñan paredes grosas con poucas ventás e arcos de medio punto.
  - b. tiñan paredes grosas, grandes ventás e arcos apuntados.
  - c. eran altos e luminosos.

